



# CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

## ACTA 2024-9

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO EXTRAORDINARIO

21 de Outubro de 2024

Lugar

**SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO**

Hora de Inicio

**10:04**

Hora de Finalización

**10:28**

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA  
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA  
Interventor: .

### MEMBROS ASISTENTES

DANIEL DE DIOS MANSO  
EMILIO FERNANDEZ PARADA  
JOSE RAMON LOPEZ PEREZ  
LUCIA GIL CID  
MARIA CARMEN MANSO RODRIGUEZ  
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

## ACORDOS:

### 1º. APROBACION, SE PROCEDE DA ACTA DA SESION DO 03.10.2024 (ACTA 8/2024)

A acta apróbbase por unanimidade dos presentes asistentes á sesión de referencia.

### 2º. EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS 20/2024 CON CARGO AO REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERIA E MEDIANTE TRANSFERENCIAS ENTRE PARTIDAS.

Dáse lectura ao expediente núm. **20/2024**, tramitado para a modificación de créditos dentro do vixente orzamento, financiado có remanente líquido de tesourería dispoñible procedente da liquidación do orzamento do exercicio **2023** e mediante transferencias por altas e baixas, entre partidas.

O Sr. alcalde fai unha explicación das diferentes necesidades a satisfacer có expediente.

Dáse conta de que o expediente tramítase por razóns de necesidade plenamente xustificada, e está axustado aos preceptos legais vixentes.

Aberto un turno de intervencións, producíronse as seguintes:

Da Sra. Manso Rodríguez (**PP**) que dí que ven cómo hai rúas nas que se ten actuado varias





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

veces, como a Rúa A Costa, e en outras que o precisan, non se arranxan. No caso camiño do cementerio, pregunta se se usa polos veciños.

O Sr. Alcalde respostou que no caso da Rúa A Costa, un tramo estaba feito con triple riego e outro en formigón; concedeuse unha axuda para saneamento e pluviais, polo que se lle bota un dobre rego a todo; que era unha obra do Plan Marco que ten que ser necesariamente en camiños de acceso a terreos agrícolas como o do caso, por iso actuouse nese lugar.

No caso do camiño de debaixo do cementerio, a actuación faise necesaria porque cando chove con forza, métese moito barro polos arrastres de chuvia, polo que hai que facer ese arranxo

A Sra. Manso Rodríguez (**PP**) propón entón que en vindeiras actuacións se acometa o arranxo da pavimentación da Rúa Ponte do Medio que dí, está moi necesitada dun arranxo integral do seu firme.

O Sr. Alcalde móstrase conforme e dí que, probablemente, dada a súa lonxitude habería que facela de dúas veces xa que para ese tipo de actuacións non hai liñas de subvención concretas (explica que no fondo de compensación ambiental encaixan pluviais e saneamentos; nas de mellora de infraestruturas municipais, encaixan mellor os parques infantís e zonas verdes; e que cando unha obra non se axusta aos criterios da orde, é seguro que non a conceden)

Tralo que, ao ter en conta a Memoria da Alcaldía xustificativa da necesidade de aprobación do expediente de modificación de créditos número **20/2024**, de suplementos de crédito con cargo ao remanente líquido de tesourería e por transferencias e polos motivos nela sinalados; o Pleno, por **cinco** votos a favor (**PSdeG-PSOE**); ningún en contra e **dúas** abstencións (**PP**), **ACORDA:**

**PRIMEIRO. Aprobar** inicialmente o expediente de modificación de créditos **20/2024** a través de suplemento de créditos **con cargo ao remanente líquido de Tesourería**, nos seguintes termos:

### SUPLEMENTO DE CREDITO:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
1532.619	Reposición de vías públicas	6.265,00
1532.619.10	Pavimentación en Rúa Cementerio	8.475,00
1532.619.11	Pavimentación Rúa O Regato	12.225,00
1532.619.12	Pavimentación Rúa Canceliña	7.065,00
1532.619.13	Pavimentación de Rúas en Fontefría	4.600,00
1532.619.14	Reposición de beirarrúas en Rúa O Paseo	1.850,00
160.609.01	Mellora da rede de pluviais en Castrelo do Val, aumento	4.520,00
920.640	Redacción proxectos técnicos	4.000,00
<b>TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO</b>		<b>49.000,00</b>

### PARTIDA DE INGRESOS FINANCIADORA:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
87001	Remanente de Tesourería para gastos xerais	49.000,00
<b>TOTAL</b>		<b>49.000,00</b>





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

**SEGUNDO.** Aprobar o expediente de modificación de créditos **20/2024** a través de suplemento de créditos por transferencias mediante **baixas ou anulacións de partidas do vixente orzamento**, nos seguintes termos:

### (ALTAS) SUPLEMENTO DE CRÉDITOS MEDIANTE TRANSFERENCIAS:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
1721.213	Reparación e mantemento de maquinaria	3.000,00
1721.214	Reparación e mantemento de vehículos	1.000,00
920.22199	Outros subministros	3.000,00
920.22706	Estudos e traballos técnicos	5.000,00
231.22799	Asistencia social primaria	30.000,00
943.461	Transferencias á Deputación	1.000,00
943.463	Transferencias á Mancomunidade	23.000,00
<b>TOTAL ALTAS</b>		<b>66.000,00</b>

### (BAIXAS) PARTIDAS DE GASTOS A MINORAR:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
912.23000	Asistencias a sesións de órganos colexiados	2.300,00
920.12000	Retribucións básicas persoal funcionario	5.000,00
920.12100	Complemento de destino persoal funcionario	4.000,00
920.12101	Complemento específico persoal funcionario	3.000,00
920.160000	Seguridade Social funcionarios	5.000,00
161.210	Conservación saneamento e abastecemento	3.000,00
920.23100	Dietas corporativos e funcionarios	1.700,00
165.22100	Enerxía eléctrica – alumeado público	20.000,00
323.22100	Enerxía eléctrica – CEIP	1.000,00
342.22100	Enerxía eléctrica – instalacións deportivas	1.000,00
920.22100	Enerxía eléctrica – concello e centro de saúde	6.000,00
943.466	Transferencias a outras asociacións de municipios	1.000,00
920.600	Compra de terreos	1.000,00
161.609	Investimento en saneamento e abastecemento	9.000,00
161.619	Reposición en saneamento e abastecemento	3.000,00
<b>TOTAL BAIXAS</b>		<b>66.000,00</b>

### RESUMO DO EXPEDIENTE 20/2024

Modificación de créditos con cargo ao <b>REMANENTE</b>	49.000,00
Suplementos de crédito mediante <b>TRANSFERENCIAS</b>	66.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>115.000,00</b>

**TERCEIRO.** Expoñer ao público este expediente de modificación de créditos **20/2024** durante o prazo dos seguintes quince días hábiles desde a publicación do correspondente edicto no **Boletín Oficial da Provincia**, a fin de que, polos interesados a que se refire o artigo 151.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, se presenten as alegacións e as reclamacións que consideren pertinentes, só polos motivos que se establecen no apartado segundo do devandito artigo.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Así mesmo, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen as reclamacións contra a aprobación inicial do referido expediente, dita aprobación será definitiva sen necesidade de adoptar novo acordo do Pleno que así o declare e, de seguido, exporase ao público o resultado final da modificación de créditos efectuada e remitirase copia da resolución á administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

### 3º. MODIFICACION DA ORDENANZA DA TAXA POLO ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA.

O Sr. alcalde pasa a dar conta da proposta de modificación da ordenanza de referencia, que xustifica sinalando que:

O pleno do concello, en sesión do 5 de **novembro de 2021** modificou a ordenanza desta taxa para adaptar as súas tarifas ás esixencias legais e ás necesidades económicas da prestación deste servizo, de cara ao exercicio 2022, no que se aplicaron as novas tarifas do servizo

Un ano máis tarde, en **novembro de 2022**, a Deputación Provincial de Ourense, a través do seu operador **Aquaourense** (Sociedade Provincial de Augas e Medio Ambiente, S.A.) elaborou un proxecto de dixitalización do ciclo da auga para presentar na convocatoria de subvencións reguladas na **Orden TED/934/2022** de proxectos de dixitalización do ciclo urbano da auga no marco de Recuperación, Transformación e Resiliencia (**PERTE dixitalización do ciclo da auga**), publicada no BOE núm. 235 de 30 de setembro de 2022.

O Concello de Castrelo do Val (xunto con moitos outros da Provincia) aceptou a invitación da **Deputación Provincial** para participar neste proxecto; adheríndose ao mesmo mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de **novembro de 2022**; concretamente para ser destinatario dos investimentos nas actuacións denominadas:

- **Telelectura** de contadores de auga do servizo municipal de abastecemento.
- **Dixitalización** dos sistemas municipais de depuración.
- **AquaOu**: centro intelixente para a xestión provincial da auga.

En 2023 o proxecto "**Ou-Inteligente: provincia del Agua**" promovido pola Deputación Provincial de Ourense e do que este concello forma parte, obtivo a segunda mellor puntuación de todos os presentados en España, recibindo así unha **subvención do Ministerio** para la Transición Ecolóxica de 7.754.519,45 €, que xunto con outros 5.478.763,10 € de **aportación da Deputación**, executarase **un proxecto de 13.233.282,55 €** na dixitalización do ciclo da auga nos concellos que se adheriron a esta iniciativa, como é o noso.

Ao longo do presente ano déronse os primeiros pasos na implantación do sistema de dixitalización das redes de abastecemento municipais, de xeito que todos os contadores van





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ser dotados dunhas tarxetas telefónicas que permitirán a **Telectura automática dos consumos** de auga abastecida.

Ainda que a maior parte da implantación do novo sistema financiarase mediante a subvención do **Ministerio** e a aportación da **Deputación**; anualmente o gasto de mantemento destes dispositivos dixitais deberá ser sufragado polos usuarios do servizo, mediante unha cota de mantemento introducida por cada concello mediante a súa correspondente ordenanza fiscal da taxa pola subministración de auga.

Por todo iso propónse unha **modificación da Ordenanza** vixente para adaptala ás necesidades expostas, de acordo cós informes de intervención e coa proposota que se presenta ao Pleno.

A seguir, dáse conta dos informes do expediente así como da proposta de acordo e tramitación subseguinte.

Tralo que o Pleno, por **unanimidade** dos sete membros que legalmente o forman (5 **PSdeG-PSOE** e 2 **PP**), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da corporación; segundo o que se establece no Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais; e ao considerar conveniente a modificación proposta e xa que é competencia municipal a súa aprobación, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar, provisionalmente, a modificación da **Ordenanza Fiscal da taxa pola subministración de auga.**

A modificación da ordenanza que se dixo, afecta ao seguinte:

### **Artículo 6. Cota tributaria.**

Onde dí:

(...)

2. O importe desta taxa de abastecemento de auga a domicilio esixirase de acordo coas seguintes tarifas:

- Unha cota fixa de 3€ cada 4 meses.
- Polo consumo de auga potable de 0m<sup>3</sup> a 90m<sup>3</sup>, cada 4 meses: 0,15€/m<sup>3</sup>
- Polo consumo de auga potable de 91m<sup>3</sup> a 120m<sup>3</sup>, cada 4 meses: 0,30€/m<sup>3</sup>
- Polo consumo de auga potable de 121m<sup>3</sup> a 180m<sup>3</sup>, cada 4 meses: 0,60€/m<sup>3</sup>
- Polo consumo de auga potable de 181m<sup>3</sup> a 220m<sup>3</sup>, cada 4 meses: 1,20€/m<sup>3</sup>
- Polo consumo de auga potable de máis de 221m<sup>3</sup>, cada 4 meses: 1,80€/m<sup>3</sup>

Pasará a decir:

2. O importe desta taxa de abastecemento de auga a domicilio esixirase de acordo coas seguintes tarifas

- Unha cota fixa de 5€ cada 4 meses.
- Polo consumo de auga potable de 0m<sup>3</sup> a 60m<sup>3</sup>, cada 4 meses: 0,18€/m<sup>3</sup>





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

- Polo consumo de auga potable de 61m<sup>3</sup> a 100m<sup>3</sup>, cada 4 meses: 0,30€/m<sup>3</sup>
- Polo consumo de auga potable de 101m<sup>3</sup> a 180m<sup>3</sup>, cada 4 meses: 0,60€/m<sup>3</sup>
- Polo consumo de auga potable de 181m<sup>3</sup> a 220m<sup>3</sup>, cada 4 meses: 1,20€/m<sup>3</sup>
- Polo consumo de auga potable de máis de 221m<sup>3</sup>, cada 4 meses: 1,80€/m<sup>3</sup>

**SEGUNDO.** Expoñer ao público o presente acordo provisional e o novo texto da Ordenanza afectada por prazo de trinta días hábiles, tal como preceptúa o art. 17.1 e 2 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais

**TERCEIRO.** Elevar a definitivo este acordo se non se presentasen reclamacións ao mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no art. 17.4 da citada Lei.

**CUARTO.** A referida ordenanza fiscal modificada entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación ata a súa modificación ou derogación expresa.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

